

ASEMBLEA NA CORUÑA

PEPE ÁLVAREZ PON EN VALOR O V AENC E OS ACORDOS DESTA LEXISLATURA E INSTA AOS PARTIDOS A QUE ACLAREN SE OS MANTERÍAN NO CASO DE CHEGAR AO GOBERNO

Critica a actitude de certos sindicatos que caeron na dinámica do non polo non e que xogan a deconstruír

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez participou este luns nunha asemblea na Coruña na que explicou e valorou o contido do V AENC e fixo un balance da lexislatura á vista das eleccións do 23 de xullo.

Realizou unha valoración positiva do V AENC porque trátase dun acordo que dende un punto de vista salarial recolle unha parte moi importante das demandas das organizacións sindicais. No ano 2023 permitirá unha redistribución máis xusta da riqueza, mellorar os salarios e recuperar a figura da cláusula de revisión salarial. Pero é un acordo que presta atención a outros temas fundamentais como o teletraballo, a seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras ou a igualdade.

O acordo tamén ten un compromiso explícito coa sanidade pública. Hai unha cláusula que especifica que se un traballador ten un accidente non laboral e non pode ser atendido coa axilidade que corresponde nos servizos de sanidade públicos, este poder será derivado, sempre co acordo do médico de cabeceira e do propio traballador, ás mutuas. Sentenciou que non é en ningún caso un intento de privatización, en resposta aos comentarios dalgunha organización sindical galega.

Matizou que as mutuas son organismos colaboradores da propia Seguridade Social, o único que se pretende é que os traballadores e traballadoras deste país non teñan que agardar meses para poder facerse probas, operacións ou a rehabilitación que precisen e poidan acceder a entidades que nestes momentos non están saturadas e que os poden atender de xeito eficiente.

Indicou que non entende estas valoracións da organización nacionalista porque se están desviando traballadores a empresas privadas puras, incluso sen o consentimento dos médicos, e cando nós situamos unha solución co acordo dos médicos de cabeceira e



dos traballadores xorden as críticas. Críticas que, ao seu xuízo, son alleas a toda lóxica, a non ser que estean a xogar non a construír, senón a deconstruír. Criticou a actitude de certos sindicatos que non participan nas mesas porque non queren e, polo tanto, como non están nas solucións aos problemas dos traballadores lles é máis doado sempre dicir que non a todo.

De cara ás eleccións do 23 de xullo, demanda das organizacións políticas que se presenten que digan á cidadanía que van facer cos acordos tripartitos en temas tan importantes como mercado de traballo ou contratación. Vai respectar o PP os acordos? Lembrou que na votación parlamentaria da reforma laboral esta iniciativa salvouse grazas ao voto dun deputado do PP, por un erro na propia votación. Pero votaron en contra Bildu, ERC, PP, VOX e dous deputados da Unión do Pobo Navarro, que hoxe están no PP, e o BNG. Isto debería facer reflexionar a moitos.

Subliñou que non se pode esquecer que o que máis criticou a CIG da Reforma laboral é o que quere facer desaparecer agora o PP, coincidencia plena, o fixo discontinuo.

Insistiu en que chegou o momento en que o PP debería de aclarar que é o que vai facer con este acordo. O mesmo co acordo

de pensións, que tamén tivo críticas por parte dalgunhas organizacións sindicais. Os pensionistas teñen que saber que unha pensión en Galicia de 1.000 euros gobernando o PP coas súas normas subiríase 35 euros no 2023. Agora, co acordo, esta mesma pensión pasa a ser de 1.190 euros. Esa é a diferenza. A xente ten que saber que nestas eleccións vota iso. Por iso, é moi importante que Feijoo aclare isto antes de que todos e todas vaíamos a votar, van a mantelo ou van derrogalo. Nesta mesma liña están outros acordos como a Lei Rider, teletraballo.... Creo que os traballadores e traballadoras temos por diante un panorama no que temos que esixir claridade e falemos destas cuestións porque son cuestións moi importantes de cara ao futuro, precisou.

En canto a unha posible influencia salarial sobre a inflación, insistiu en que carece de lóxica económica este argumento, o factor inflacionista número un en España a día de hoxe son os beneficios empresariais, o din todos os organismos internacionais.

Sobre o Estatuto do bolseiro, explicou que "levamos anos cunha explotación de bolseiros indecente, estanse a cubrir postos de tres anos con bolseiros. E isto non podía continuar". Por iso, este é un bo acordo porque xa é hora de que as prácticas nas empresas estean reguladas.

CONVOCADAS NOVAS XORNADAS PARA OS DÍAS 28 DE XUÑO E 6 E 7 DE XULLO

AMPLIO SEGUIMIENTO NAS DÚAS XORNADAS DE FOLGA DO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redacción.- Tras unha nova reunión coa patronal e ante a ausencia dun acordo, este martes e xoves tiveron lugar dúas xornadas de folga no sector do metal da provincia de Pontevedra, cun amplo seguimento, e cuns traballadores e traballadoras que se volcaron nas manifestacións convocadas.

Os traballadores e traballadoras insisten en demandar un convenio digno para o sector, con máis de 30.000 persoas empregadas, e denuncian a pasividade da patronal na negociación do novo texto.

Así, a parte empresarial ofrece unha subida do 2 % no 2023, dun 3 % no 2024 e doutro 3 % no 2025. Subas insuficientes, dende os sindicatos reclámase un incremento do 4 % en cada exercicio.

Tampouco hai avances noutros tres eixos



crave da negociación, como é a actualización salarial conforme ao IPC. A patronal tamén se mantivo inamovible no que respecta á redución de horas traballadas. Ofrecen oito horas, pero a parte sindical pide que sexan 24 (tres xornadas).

Que o convenio recolla a subrogación de traballadores no ámbito privado tamén provocou un encontronazo entre os axentes sociais. Dende UGT FICA, xunto cos outros sindicatos, peléxase porque se garanta o amparo dos contratos do metal no caso de que cambie o empregador.

DÚAS XORNADAS DE FOLGA EN H&M EN DEMANDA DE MELLORAS LABORAIS

Redacción.- Este xoves as traballadoras e traballadores de H&M secundaron a primeira xornada de folga, despois do paro parcial do martes, e están chamados a unha nova xornada de folga o día 26.

Para UGT, as persoas traballadoras de H&M están a avalar contundentemente o que desde o Sindicato veuse expondo nas negociacións coa empresa.

Tras varios meses de diálogo, non foi posible alcanzar un acordo coa empresa H&M. Estanse a enquistar os problemas laborais na empresa, complicando moito o traballo diario dos seus traballadores e traballadoras. As carencias en materia de persoal son moitas, o que está a levar ao límites aos em-

pregados e empregadas da firma. A isto se lle suman unha serie de demandas salariais que tampouco están a ser atendidas pola dirección da empresa.

Tivo lugar unha negociación no SIMA e, tras case 12 horas, ao non concretar a empresa as súas propostas respecto a cuestións tan importantes como a implantación dun sistema de incentivos e a intención de modificar o complemento de I.T, non foi posible pechar ningún tipo de acordo.



Desde UGT, instítese na necesidade de seguir loitando en aras de conseguir mellorar as condicións sociais, laborais e económicas do persoal de H&M.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO AVELINO MONTERO MOBILÍZANSE PARA DEFENDER OS SEUS EMPREGOS

Redacción.- Nova concentración de traballadores e traballadoras do centro de menores Avelino Montero de Pontevedra. A entrada principal albergou este martes unha protesta convocada polo sindicato UGT para denunciar a non modificación da eliminación de catro postos de traballo coa categoría de educadores, tras unha reunión coa Xunta celebrada o pasado 15 de xuño. Desde UGT sosteñen que a Consellería de Política Social e Xuventude e a Xefatura Territorial con sede en Vigo seguen mantendo a eliminación deses catro postos de traballo no centro. "O

centro non é nin será un mero aparcadoiro de rapaces cuxa única finalidade é a separación da sociedade", subliña o secretario xeral de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza. Insisten en que os profesionais educadores, tendo presente ás outras categorías profesionais, elaboran un proxecto individualizado de intervención a cada ingreso, con avaliación constante e elaboración de análise e informes que se trasladan periodicamente ás autoridades xudiciais pertinentes. Reducir o persoal do centro reeducativo, sobre todo nesta categoría, é incomprensible. Máis aínda cando se



está realizando na actualidade unha remodelación das instalacións da rúa Montero Villegas, 32, de máis dun millón de euros, prevendo un incremento de prazas na atención e reeducación de menores infractores.

AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE ABAI MOBILÍZANSE DE NOVO CONTRA O ERTE PROPOSTO POLA EMPRESA

Redacción.- Abai Business Solutions, S.A.U. ven de propoñer un ERTE que afectaría a traballadoras e traballadores en todos os centros, 50 no da Coruña.

Abai é unha empresa de telemarketing que ofrece servizo a grandes compañías como Movistar, Taxdown, Inditex ou administracións públicas como foi o caso da Xunta de Galicia que lle adxudicou un contrato millonario polo servizo de rastrexo do Covid-19.

Este ERTE supón un paso máis na estratexia que ten en marcha a Dirección

que consiste en precarizar aínda máis as condicións laborais e arrebatarnos os dereitos adquiridos.



O Comité de Empresa do Centro da Coruña opónse frontalmente a este ERTE co que se pretende mandar ao desemprego durante 6 meses prorrogables ás persoas afectadas, o que conleva un grave prexuízo económico. Este Comité considera totalmente inxustifi-

cado o ERTE nunha empresa que presume publicamente de millonarios beneficios. Xa a semana pasada os traballadores e traballadoras da empresa protagonizaron a primeira xornada de folga de 24 horas á que lle seguiu outra similar este luns.

PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA DA LIMPEZA EN LUGO POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- As traballadoras e traballadores do sector da limpeza da provincia de Lugo protagonizaron o pasado martes a primeira xornada de folga e manifestáronse polas rúas da cidade das murallas en demanda dun texto digo que regule as súas condicións laborais.

Denuncian a actitude da patronal que, ante salarios baixos, con táboas que ás veces nin chegan ao SMI, poñan enriba da mesa unha suba cero para o 2022, recoñecerían unha prima de 200 euros; e unha suba do 12% para o 2023, 24 e 25.

Pola contra, desde FeSMC UGT

Lugo aclaran que ante unha conxuntura como a actual, cuns prezos elevados tanto en alimentos como custes enerxéticos e outros conceptos básicos, o que ofrece a patronal é insuficiente. Os traballadores e traballadoras propoñen o IPC real para o 2022; 4,5 para o 2023; e 5,5% para o



2024. Todo isto, acompañado dunha cláusula de revisión salarial que garante o mantemento do poder de compra.

O sector do ensino privado de 0 a 3 anos demanda un convenio digno e comeza as mobilizacións

Redacción.- UGT, xunto con CCOO, CIG, SNEP e USO, denuncian o inmovilismo da patronal dos centros de educación infantil de 0 a 3 anos á hora de negociar o convenio colectivo. Situación que obriga á mobilización na defensa da mellora dos seus dereitos sociolaborais.

As negociacións iniciáronse hai máis dun ano e con máis de nove reunións nas que a patronal non amosou vontade de chegar a ningún acordo que lle permita ás traballadoras e traballadores do sector recuperar o poder adquisitivo perdido e gozar de salarios xustos.

A día de hoxe son moitos os salarios do

sector que se atopan por debaixo do SMI. Xa no seu momento a patronal causoulles un grave prexuízo ás traballadoras e traballadores do sector ao impedir asinar unhas táboas salariais vinculadas aos pregos de condicións dos últimos concursos públicos. O que os priva dunha remuneración xusta. Para denunciar esta situación, os sindicatos convocaron mobilizacións este xoves en Vigo e na Coruña. E o 27 as concentracións trasladaranse ás portas das



escolas infantís. O día 29 está convocada unha xornada de folga para todo o sector, tanto as escolas privadas como as de xestión indirecta e haberá unha manifestación en Santiago.

O PERSOAL DA LIMPEZA DE CORREOS PROTESTA POR IMPAGOS

Redacción.- O persoal do servizo de limpeza de Correos en Galicia está a mobilizarse para denunciar os impagos da concesionaria, Limppezas Córdoba. Está sen pagar o mes de maio, polo que os traballadores e traballadoras instan a Correos a que lle poña fin ao contrato.

De momento, mobilizáronse o día 21 en Santiago e o 22 na Coruña e, no caso de que non haxa cambios, se está a estudar a convocatoria de folga indefinida.



O persoal de Política Social reclaman un cambio nas súas condicións laborais

Redacción.- O pasado martes o persoal dos servizos de Política Social percorreron as rúas da Coruña facendo unha caravana de coches denunciando as súas condicións laborais.

Un plantel que está formado maiormente por mulleres, cunhas condicións precarias, sen adaptarse ás situacións actuais nas residencias de maiores.

Son imprescindibles máis medios, máis formación e melloras salariais e laborais. Está convocada unha nova concentración o 28 de xuño en San Caetano, en Santiago.



Os traballadores de Alú Ibérica demandan solucións



Redacción.- Os extraballadores de Alú Ibérica na Coruña demandan solucións á súa situación. Un ano despois, seguen sen cobrar as súas indemnizacións e ninguén se fai responsable. Instan á empresa, Xunta e Goberno a buscar unha saída á industria e aos empregos.

FORTALECER A INSPECCIÓN DE TRABALLO MELLORA OS DEREITOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS

UGT, a través dunha carta, solicita levar a cabo o reforzo e modernización da Inspección de Traballo e Seguridade Social

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, remitiu unha carta aos titulares de Traballo, Yolanda Díaz; Facenda e Función Pública, María Jesús Montero; e Inclusión, José Luis Escrivá, urxindo a cumprir co plan estratéxico da Inspección de Traballo e reforzar o organismo.

Pepe Álvarez apuntou que nas últimas semanas tiveron coñecemento "da situación de bloqueo en que se atopa o proceso de reforzamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, co obxectivo de dotalo dunha organización máis eficaz".

Desde UGT, maniféstase a "preocupación por esta situación" e lémbrese que "modernizar a Inspección de Traballo e Seguridade Social constitúe un compromiso incluído no Plan Estratéxico da institución para o perí-



odo 2021-2023". Por iso, o sindicato solicita que se cumpra, "sen demora", co compromiso adquirido, xa que "o

seu fortalecemento será tamén o dos dereitos dos traballadores e traballadoras deste país".

UGT PRESENTA A II EDICIÓN DO ESTUDO SOBRE AS PERSOAS LGTBI NO EMPREGO EN ESPAÑA

Redacción.- O responsable confederal de Acción LGTBI de UGT, Toño Abad, xunto á ministra de Igualdade, Irene Montero, e a directora xeral de Diversidade Sexual e LGTBI, Boti García, presentaron a segunda edición do estudo: “Cara centros de traballo inclusivos”. Neste acto estivo a coordinadora da Área LGTBI de UGT-Galicia, Laura García.

Un estudo que, como sinalou Abad, “dá continuidade ao anterior, que presentou datos moi preocupantes sobre a discriminación que sofren as persoas LGTBI no traballo, establecendo un diagnóstico moi próximo á realidade co fin de impulsar propostas para acabar con esta situación. Ademais, conta con datos pormenorizados da realidade das identidades trans no emprego, as dificultades no acceso ou se o debate sobre os seus dereitos supuxo un empeoramento nas súas condicións de traballo”.

Desta forma, o estudo está realizado en base a 2.480 respostas válidas, das cales 1.500 son persoas non LGTBI e case 1.000 son persoas LGTBI. Ademais, xerouse unha distribución homoxénea en canto a sectores, con practicamente a mesma distribución de respostas do sector público e privado, impulsando desta forma unha panorámica xeral interesante que completa o primeiro estudo de 2020.

Os datos reflicten unha situación moi grave

Unha panorámica que, para Toño Abad, “sitúa unha sociedade que hoxe se mostra irrecoñecible”, sinalou. “Permítese que, desde as tribunas políticas e fachadas dos edificios dos partidos, con diñeiro público, sitúese a nosa bandeira LGTBI e feminista na papeleira, coma se fôsemos algo desbotable, cunha dereita que cabalga a lombos do fascismo. O perigo non somos as persoas LGTBI, o que fixemos é loitar polos nosos dereitos para mellorar a sociedade e facelos máis pluraís. O perigo está nos pactos da dereita deste país nalgúns concellos ou comunidades autónomas”.

Pactos que profundan en datos xa de seu moi graves. “O 50% das persoas LGTBI que consultamos consideran que non estamos aceptadas socialmente, que a nosa situación non é



boa en xeral, pero agrávase no caso das persoas trans, onde o 70% considera que non están aceptadas; o 75% das persoas LGTBI consideramos que non temos as mesmas oportunidades que as persoas heterosexuais no traballo, unha cifra para reflexionar que chama moito a atención; e o 55% das persoas trans recoñece que foi excluída de forma directa ou indirecta en entrevistas de traballo. Isto xera situacións de discriminación inaceptables que obrigan a ocultar a nosa condición sexual no traballo para non penalizar a carreira profesional”.

Unha situación que ten “consecuencias moi negativas, cuantificables en dereitos e en salario. Renunciamos a pedir permisos retribuídos por matrimonio ou de acompañante a cónxuxes en visitas médicas. Nun 41% dos casos, evitamos falar da nosa vida persoal no traballo por medo á discriminación. Son situacións inasumibles”.

Ademais, no ámbito laboral, “3 de cada 10 persoas LGTBI manifestan sufrir agresións verbais, un 78% referidas a chistes e rumores sobre a orientación sexual, e uns 52% insultos. Condutas acosatorias que fan que case 7 de cada 10 persoas LGTBI consideren que ser LGTBI é un inconveniente para buscar un traballo”.

UGT, á vangarda na loita polos dereitos das persoas LGTBI

Para o responsable confederal de Acción LGTBI de UGT, “a Lei Trans e LGTBI supuxo un gran avance para os dereitos destas persoas, con achegas tan importantes do sindicato como o artigo 15.1, que establece a obriga-

ción das empresas de máis de 50 persoas traballadoras de planificar medidas para o respecto dos seus dereitos. Incorpora de forma obrigatoria un protocolo contra o acoso discriminatorio nas empresas, medida fundamental para lograr centros de traballo inclusivos que queremos que se desenvolva durante a próxima lexislatura”.

Pero, ante a situación de incerteza política, lembrou que “UGT introduciu no VAENC, por primeira vez, un capítulo sobre os dereitos das persoas LGTBI, con especial referencia ao artigo 15.1 da citada lei. Un éxito, ao noso xuízo, porque pase o que pase no futuro coa Lei, o acordo terá efectos plenos na negociación colectiva e fundamentalmente fará que este aspecto da diversidade LGTBI materialícese por fin como unha realidade material nos centros de traballo”.

Ademais, na Lei de Emprego “introducimos unha mirada inclusiva das políticas activas de emprego ás persoas LGTBI en situación de vulnerabilidade, especialmente as persoas trans que sofren niveis altos de exclusión laboral, a través dun mecanismo de mellora da coordinación dos servizos sociais cos servizos de ocupación e emprego”.

“A prioridade de UGT é revertir unha situación de anomalía democrática”, asegurou. “Ningunha persoa pode recibir os niveis de violencia que sufrimos as persoas LGTBI no emprego. Temos dereito ao emprego en condicións dignas e seguiremos introducindo medidas que favorezan dereitos nos centros de traballo. Mentres non haxa igualdade no emprego, non haberá igualdade real nas rúas e na sociedade”.